

¿FUTUROS DISTINTOS?

PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE

OBXECTIVOS:

- Identificar a diferenza entre sexo e xénero.
- Favorecer a comprensión dos roles de xénero.

ENFOQUE NON SEXISTA

Con esta dinámica traballaranse os roles de xénero e as expectativas de vida dependendo deste. É un bo momento, pois, para desmontalos, ofrecendo aos nenos a capacidade e a liberdade de tomar as súas propias decisións sin que estas dependan de ninguén, salvo de eles mesmos.

PROPOSTA DE ACTIVIDADE DESDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PREPARACIÓN

Actividade individual, por parellas ou en grupo.

Teremos preparadas dúas fotografías: unha imaxe dun bebé con roupa azul, neno, e unha imaxe dun bebé con roupa rosa, nena.


Poñerémolle un nome a cada imaxe.

Moi importante! Primeiro sacaremos a imaxe da nena e traballaremos con ela. Cando teñamos construída a vida da nena, presentaremos a imaxe do neno e faremos o mesmo que fixemos coa primeira imaxe.

POSTA EN PRÁCTICA

A actividade consiste en que cada grupo "constrúa" a historia da vida desa persoa, desde que nace ata que chega a idade adulta.

Unha vez que todos teñan construída as respectivas vidas do neno e da nena, poñeranse en común e analizaranse as diferenzas e as expectativas de cada un deles.



Parece mentira como nacemos con media vida planeada e preestablecida. Se non fora porque rompemos muros, seríamos auténticos robots. Biolóxicamente, o noso sexo influe incluso antes de nacer e socialmente se esperan de nós aspectos totalmente distintos.

E eles, as novas xeracións, como o ven?

PREGUNTAS PARA REFLEXIONAR

- Cres que a vida dos dous vai ser igual?
- Por que cres que será diferente?
- Cres que a tua vida será como a dos personaxes?
- Podemos saber xa, desde que nacemos, como será a nosa vida?
- Por que aos nenos se lles viste dunha forma e ás nenas doutra?
- Todas as mulleres son nais?

INDICACIONES, A MODO DE PREGUNTAS PARA FACILITAR A ACTIVIDADE

- Que habilidades cres que ten?
- Cal será a súa cor favorita?
- A que lle gustará xogar cando teña catro anos?
- E a que cres que xogará cando teña a mesma idade que a túa?
- Que roupa lle gustará levar cando teña a túa idade?
- De que vai querer traballar?
- En que traballará de maior?
- Como cres que será a súa familia cando sexa maior?
- Cales serán as súas aficións?

GRAZAS POLA COLABORACIÓN

25 DE NOVIEMBRE. DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

